

**ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
XUSTIZA E DEPORTES, DA XUNTA DE GALICIA, E O CONCELLO DE SOBER PARA A
REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL**

Santiago de Compostela, 12/02/2026

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don Luis Fernández Guitián, alcalde do Concello de Sober, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 08.05.2025, así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de colaboración, cooperación, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitirán satisfacer as crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 08 de maio de 2025 un convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sober para a realización das obras de mellora das instalacións da piscina municipal, segundo o proxecto presentado polo arquitecto, Ramón Carlos Fernández Losada.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de cento sesenta e catro mil seiscientos sesenta e dous euros con dezasete céntimos (164.662,17 €), IVE incluído.

• A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará ditas actuacións coa cantidade de cento trinta e un mil setecentos vinte e nove euros con setenta e catro céntimos (131.729,74 €), IVE incluído, que supón o 80 % do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) do seu orzamento de gastos para os exercicios 2025 e 2026, correspondendo cen mil euros con un céntimo (100.000,01 €) á anualidade 2025 e trinta e un mil setecentos vinte e nove euros con setenta e tres céntimos (31.729,73 €) á anualidade 2026.

Anualidade 2025.....	100.000,01 €
Anualidade 2026.....	31.729,73 €

• O concello de Sober achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de trinta e dous mil novecentos trinta e dous euros con corenta e tres céntimos (32.932,43 €), IVE incluído, que supón o 20 % do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, que se imputarán con cargo á partida municipal 342.609 do seu orzamento de gastos para os exercicios 2025 e 2026, correspondendo vinte e cinco mil

euros (25.000,00 €) á anualidade 2025 e sete mil novecentos trinta e dous euros con corenta e tres céntimos (7.932,43 €) á anualidade 2026.

Anualidade 2025.....25.000,00 €
Anualidade 2026.....7.932,43 €

II.- Con data 21.01.2026 o Concello de Sober **solicita prórroga para a xustificación da anualidade 2026**, prevista para antes do 28 de febreiro de 2026, polas circunstancias meteorolóxicas adversas por choivas e problemas coa subministración de equipos e materiais necesarios para levar a cabo a obra.

III.- Co fin de estudar a proposta anterior, en data 26 de xaneiro de 2026 reuniuse a Comisión de Seguimento e Interpretación integrada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello de Sober e propúxose a formalización dunha addenda.

IV.- Atendendo a estes atrasos, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sober, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

1.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Sober estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar esta xustificación será antes do **16 de maio de 2026**. Os pagamentos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo Concello.

2.- REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nesta addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Sober
Luis Fernández Guitián